

ORDENANZA FISCAL NÚM. 33

ORDENANZA REGULADORA
DA TAXA POLA CELEBRACIÓN
DE MATRIMONIOS CIVÍS



Artigo 1. Fundamento e natureza

De conformidade co disposto no art. 20 do RDL 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, este Concello establece a taxa pola celebración de matrimonio civís.

Artigo 2. Feito imponible

1. Será obxecto desta taxa o conxunto de actuacións relativas á celebración de matrimonios civís no auditorio do Centro Cultural Municipal Torrente Ballester (antiga capela do Hospital da Caridade), especialmente a organización do acto polo departamento da Secretaría da Alcaldía-Protocolo, a utilización da instalación para a celebración, e outras relacionadas coas anteriores.

2. Non se inclúe nesta taxa nin a tramitación do expediente governativo previo ó matrimonio civil nin a expedición posterior do libro de familia.

Artigo 3. Suxeito pasivo

Están obrigados ó pagamento da taxa regulada nesta ordenanza os beneficiarios do servizo, entendéndose por tales os contraentes, que quedan obrigados solidariamente.

Artigo 4. Cota tributaria

A cota pola prestación do servizo sinalada no artigo 2 da presente ordenanza ascende a 208,42 €.

Artigo 5. Obrigación do pagamento

1. A obrigación de pagamento da taxa regulada nesta ordenanza nace no momento no que se inicia a prestación do servizo, entendéndose por tal a presentación da solicitude -que sempre facilitará o Negociado da Secretaría da Alcaldía e Protocolo- no Rexistro Xeral do Concello.

2. Os solicitantes do servizo están obrigados a presentar a pertinente declaración nos impresos habilitados ó efecto pola Administración Tributaria Local e a realiza-lo ingreso da liquidación resultante na Tesourería Municipal ou nas entidades bancarias debidamente autorizadas, o que se deberá acreditar tamén no momento de presenta-la correspondente solicitude.

3. No suposto de que con posterioridade á presentación da solicitude, e antes da comunicación da fixación da data da cerimonia, os solicitantes desistisen do servizo solicitado, procederase á devolución de oficio do 75 por 100 do importe sinalado no artigo 4 desta ordenanza.

4. O Negociado da Secretaría da Alcaldía-Protocolo establecerá tódolos anos no mes de setembro un calendario (días e horas) para a celebración de vodas civís que estará supeditado ós actos propios do Concello e as actividades normais do auditorio (culturais, sociais, artísticas, etc.) Agás festivos e pontes, xeralmente casarase:

De luns a venres pola mañá (en horario de oficina).

Os venres pola tarde. Dous sábados ó mes (mañá e tarde).

DISPOSICIÓN FINAL

A redacción da presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no *Boletín Oficial da Provincia* (BOP), comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do 2008 e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.